

# O persoal do comercio de alimentación NA PRIMEIRA LIÑA CONTRA O CORONAVIRUS



## Sufrimos unha maior carga de traballo e carecemos de medidas suficientes para protexer a nosa saúde

**A** CIG leva dende o primeiro día que se decretou o estado de alarma a esixir un control estrito das condicións de traballo nos sectores activos e a reclamar compensacións especiais para o seu persoal, como o sanitario, de coidados e do comercio de alimentación.

Dende entón, a central denunciou diante das direccións das empresas e da propia autoridade laboral a falta de medidas de protección, ao tempo que alertaba da inacción do Goberno central e da Xunta de Galiza, sen que até o momento se teña feito nada por

corrixir esta problemática. Como consecuencia, sucédense os casos de contaxios entre as persoas traballadoras obrigadas a atender os sectores considerados esenciais.

Neste contexto, as principais empresas do sector do comercio de alimentación (Gadis, Eroski-Familia, Froiz, Moldes, Mercadona, Dia, Lidl, Carrefour, Alcampo, El Corte Inglés, etc) están a aproveitar esta crise sanitaria, que tanta dor e prexuízo lle causa á clase obreira, para acumular máis riqueza a costa do seus cadros de persoal.

En vez de actuar como un apoio fundamental diante do que acontece, como un sector de emerxencia imprescindible para a sociedade, están inmersas nunha guerra comercial na que eliminan competencia e espremen ao máximo os instrumentos de extracción de cartos da parte máis pobre e debilitada da poboación -clientes e tamén o seu propio persoal- incrementando prezos, especulando con produtos de primeira necesidade e

sobreexplotando as persoas traballadoras. E todo isto acompañado dunha calculada estratexia de propaganda, demagogia e reparto de esmolos.

Mentres, os Gobernos español e galego –nomeadamente o de Feixóo coa súa liberalización de horarios– deixan abandonadas as persoas traballadoras nas poutas do capitalismo máis desapiadado e depredador, que está a facer cartos a mancheas a conta da saúde de caixeiros/os

e dependentas/es, sen importarlle o máis mínimo nin a propagación da enfermidade nin a saturación e colapso

## somos vítimas dunha guerra comercial

do sistema público de saúde.

Día a día afrontámonos ao perigo de contaxio sen as medidas de protección necesarias, sen os reforzos de persoal imprescindibles, sen o control e supervisión por parte das autoridades, que permiten que este empresariado explotador e indecente faga o seu agosto en tanto a sociedade sofre e se empobrece.

Os numerosos casos de contaxio que se están producindo son ocultados sistematicamente por esta indigna clase empresarial, e o colectivo que estivo en contacto coa enfermidade é obrigado a continuar traballando.

Pasará esta situación, moitas/os enfermaremos e contaxiaremos as nosas familias, colapsaremos a sanidade pública; pero eles/as, os patróns de Gadis, Eroski-Familia, Froiz, Moldes, Mercadona, Dia, Lidl, Carrefour, Alcampo, El Corte Inglés... sairán coas súas fortunas multiplicadas e nós seremos igual de pobres e mal pagadas/os.



**QUE NON CONFINEN OS TEUS DEREITOS**

**10 DE ABRIL ÁS 12H CAZOLADA**





## BASTA XA!

- Non queremos esmolas, queremos medidas de protección efectivas!
- Redución do horario comercial!
- Aumento de persoal!
- Control de aforo estrito!
- Vixilancia para que se respecte a distancia de seguridade!
- Máscaras e luvas abundantes para todas/os!
- Non á ocultación dos contaxios!
- Protección do persoal sensible, non pode seguir traballando!
- Aplicación de corentenas ao persoal afectado!
- Participación das persoas traballadoras na prevención!

**10 de abril ás 12h**  
**Cazolada**

Pero, claro, todas estas medidas custan cartos e o empresariado do sector non quere perder esta oportunidade de aproveitarse da nosa saúde para facerse aínda máis ricos/as do que son.

Por todo isto, o 10 de abril teñen que escoitar-nos. As traballadoras/es do comercio de alimentación, as condenadas/as a estar na primeira liña desta guerra en tanto os nosos patróns engordan

o seu xa ben mantido peto; as caixeiras/as e repoñedoras/es, dependentas/es, carniceiras/os, chacineiras/os, peixeiras/os e os clientes que nos respectan... todas e todos faremos ruído dende as nosas fiestras e balcóns ás 12:00 horas.

XA ESTÁ BEN DE APLAUDIR A MILLONARIOS/AS. As obreiras/os do comercio de alimentación merecemos saír reforzadas/os desta crise.

**O próximo 10 de abril ás 12h mobilízate dende a fiestra**  
**#QueNonConfinenOsTeusDereitos**  
**#QueEscoiten**

